

1. Que é a agricultura? Que tarefas realiza o agricultor? Describeas.

A agricultura é a actividade que consiste no cultivo da terra para obter produtos vexetais. Os traballos do agricultor son arar, que consiste en remover a terra; fertilizar para enriquecela; sementar, que é introducir na terra as sementes ou as plantas xa nacidas fumigar para evitar enfermidades nas plantas, e recoller a colleita unha vez que madurou.

2. Explica a diferenza entre un cultivo de secano e outro de regadío.

Cultivo de secano: É aquel que medra só coa auga da chuvia; por exemplo, a vide.

Cultivo de regadío: É o que necesita ser regado para medrar, como as hortalizas.

3. Explica o que son os cultivos industriais.

Os cultivos industriais son os que se utilizan como materias primas para obter produtos industriais na fábricas.



Moito ánimo que o estados a facer moi ben!

Pronto volverá todo a normalidade e verémonos nas aulas!

Traballade todos os días un pouco!

Mándovos un bico e unha aperta!

